



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de febreiro de 2025**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(92).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión sesión extraordinaria e urxente do 4 de febreiro e ordinaria do 7 de febreiro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(93).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ DURANTE O ANO 2025. EXPTE. 13542/224.

Visto o informe xurídico de data 27/01/2025 e o informe de fiscalización de data 07/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2025 asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da

Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñen aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), establece que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

O artigo 27 da LBRL faculta ás Comunidades Autónomas para delegar nos concellos o exercicio de competencias da súa titularidade, citándose expresamente no apartado 3.c) a “prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre indicar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres en situación de violencia de xénero. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome de “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres en situación de violencia de xénero en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres en situación de violencia de xénero.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos do Servizo de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a forma dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa contribuír ao financiamento dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2025*, incorporada como anexo ao expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste Convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Nos pactos que regulan a presente subvención nominativa, establécese que a Asociación non está obrigada a xustificar a axuda concedida coa acreditación de que os pagos foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención. Isto ven motivado pola insuficiente capacidade económica da entidade non lucrativa de carácter social beneficiaria da axuda. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Así mesmo, faise constar que esta acción está incluída na liña estratéxica 2.5 (Vítimas de violencia de xénero) do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión, están previstos no Plan Estratéxico vixente.

O orzamento do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2025, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 80.300,00 € a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes da Asesora Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte Acordo:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* e o Concello de Vigo para o apoio ao programa de actividades que realizará durante o período do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025.

2º. Autorizar o gasto de 80.300,00 € (oitenta mil trescentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890004 *Convenio coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para facer fronte aos gastos derivados da execución do Convenio.

3º. Rexistrar os datos estruturados do Convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e ao artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4º. Aprobar o texto do Convenio e o anexo I: ficha mensual das destinatarias da acción, que deseguido se transcriben:

“Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDAS

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade por Resolución de Alcaldía de data 19/06/2023, modificada polas Resolucións do 28/06/2023 e do 28/06/2024 e posterior corrección de erros do 1/07/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de data 30/06/2023, modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, modificado polos Acordos do 28/07/2023 e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), asistida pola secretaria de Goberno Local, dona Susana Gallardo Fariña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Doutra parte, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF n.º G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, núm. 12, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 13542-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres en situación de violencia de xénero. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da Rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.*
- Asistir ás mulleres en situación de violencia de xénero en todas as situacións que sexa necesario.*
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres en situación de violencia de xénero.*
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e poñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede municipal de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos do Servizo de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a forma dun convenio de colaboración.

III. Que o Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2025, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención, por importe de 80.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente, as intervenientes conclúen o presente Convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto Sororidade*
- Área de reincorporación psico-social: proxecto Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto Visibles*
- Área de formación: proxecto Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria Programa de actividades 2025, incorporada como anexo ao expediente.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento incorporado ao expediente deste Convenio.

VI. Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que, para a cidade de Vigo, representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste Convenio é apoiar a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nos labores de atención profesional e de acompañamento ás mulleres en situación de violencia de xénero, na formación continua das voluntarias da Rede que realizan



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

os ditos acompañamentos así como nas xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias, mediante a concesión de forma directa dunha subvención prevista nominativamente nos orzamentos do Concello de Vigo. No marco desta subvención, inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2024 ata o mes de outubro de 2025, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto Sororidade
- Área de reincorporación psico-social: proxecto Activas
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto Visibles
- Área de formación: proxecto Con perspectiva de xénero

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria Programa de actividades 2025, incorporada como anexo ao expediente.

As accións prioritarias obxecto deste Convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a súa soidade e angustia, transmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a súa integración en todos os ámbitos da vida.

SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a:

1. Colaborar co Servizo de Igualdade no marco deste Convenio e dotar as mulleres voluntarias da entidade daqueles mecanismos sociais de apoio ás vítimas para acompañar os casos de mulleres en situación de violencia de xénero, especialmente, ao colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas municipais de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), a ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo e responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres en situación de violencia de xénero.

2. Derivar ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a todas as mulleres que, sendo beneficiarias dalgún programa desenvolvido pola Rede de Mulleres contra os Malos Tratos (acompañamento, actividades de formación, consultas online, actos, etc.), estean en situación de violencia de xénero.

3. *A entidade beneficiaria deberá prestar atención psico-social ás mulleres que lles sexan derivadas por calquera das profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Esta atención deberá prestarse con celeridade e garantindo a debida coordinación co Servizo municipal e coa profesional do CIM que realiza a derivación.*
4. *Comunicar ao Servizo de Igualdade, con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE/pasaporte, enderezo, teléfono/s de contacto, e motivo e lugar do acompañamento que realizan (xulgado, centro de saúde...).*

Os datos de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste Convenio non poderán ser obxecto de uso particular, nin de cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade beneficiaria deba obter para cumprir as obrigas establecidas neste Convenio deberán recollese previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste Convenio. Esa autorización firmada deberá indicar o uso que se vai facer deses datos, así como que serán cedidos exclusivamente ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá cumprirse a normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

5. *A entidade beneficiaria Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, principalmente, no referente aos datos especialmente protexidos e ao recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso das vítimas de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra as mulleres.*
6. *Achegar trimestralmente ao Servizo de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Estes documentos deberán vir conformados pola presidenta da entidade.*
7. *Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.*

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no Programa de actividades 2025 que presentou ao Convenio, incluída a páxina web, blog e redes sociais propias. Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

Para acadar este fin deberá cumprirse co estipulado no pacto oitavo Publicidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

8. *Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do Convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin. Inclúiranse os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do seu programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres en situación de violencia de xénero).*
9. *Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.*
10. *Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade das persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*
11. *Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste Convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma, a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social, así como da posible responsabilidade civil.*
12. *A persoa ou persoa que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*
13. *As obrigas da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Achegar a documentación técnica precisa, como a guía de recursos, e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social), a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*
2. *Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo unha subvención por importe de 80.300,00 €, co obxecto de coadxuvar no financiamento das actividades da Asociación no ámbito da promoción da igualdade e da intervención contra a violencia de xénero.*

CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA

1. O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en tres partes:
 - a) *A primeira, por importe de 24.090,00 €, coa firma do presente Convenio; anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.*
 - b) *A segunda, por importe de 29.445,00 €, no mes de xuño, tras a entrega do informe de avaliación das actividades e dos xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*
 - c) *A terceira, por importe de 26.765,00 €, no mes de novembro, previa certificación do Servizo de Igualdade que acredite o cumprimento do Convenio unha vez se achegue pola Asociación a memoria anual e os xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.*
2. *Antes de proceder a cada pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
3. *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiras persoas a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres en situación de violencia de xénero. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiras persoas as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e avaliación do presente Convenio de colaboración establécese unha Comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, estará formada, previo nomeamento pola presidenta, por:

- A presidenta e a coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo*
- A xefa do Servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.*
- Unha técnica do Servizo de Igualdade.*

Actuará como secretaria unha das vogais da Comisión, que se designará para tal fin.

OITAVO.- PUBLICIDADE

- 1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade a este Convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.*
- 2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.*

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este Convenio e que se enmarquen no seu programa de actividades incorporado como anexo ao expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará, en lugar visible para o público, un cartel que identifique o Concello de Vigo e o Servizo de Igualdade e indique que o acto/a actividade que se está a realizar está financiado/a polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á páxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará ao Servizo de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.

Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

- 3. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e na anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).*

NOVENO.- XUSTIFICACIÓN

1. Prazo: antes do 11 de novembro de 2025, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos. A data límite para presentar a xustificación será, por tanto, o 10 de novembro de 2025.

2. Procedemento: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego de medios electrónicos para presentar a conta xustificativa da subvención outorgada, a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Vigo ao que se accede pola sede electrónica do Concello. Requírese identificación e sinatura electrónica, que se farán por calquera dos sistemas admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A teor do disposto no art. 81 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cubertos por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministro de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Vigo, utilizando calquera dos sistemas de identificación e firma electrónica admitidos polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

Os documentos que requiran sinatura, asinaranse antes do seu envío a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais polo importe subvencionado e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado/a na súa totalidade e o seu custo total foi de 81.300,00 € (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto, presentará unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos tal e como se indica no parágrafo anterior, xunto cunha relación de todos os gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá decla-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

rar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán indicar o CIF, a data, número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a Asociación está exenta de presentar declaración polo IVE. Non será preciso que nos documentos xustificativos dos gastos conste de forma expresa que os pagos foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores das usuarias, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes da Rede, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2025.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen á actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) "Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción" (anexo I). Neste documento deberán constar todos os acompañamentos realizados ás mulleres beneficiarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das beneficiarias, polas persoas voluntarias que realizasen os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade beneficiaria, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

Estas fichas entregaranse con carácter trimestral no Servizo de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionado, que reflectan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste Convenio.

DÉCIMO.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025 (incluídos) e de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2025 e que forma parte deste Convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2025. Ademais, serán gastos subvencionados os gastos de funcionamento da entidade beneficiaria.

bles os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres en situación de violencia de xénero).

DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda, serán comprobados polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do Convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

DÉCIMO SEGUNDO.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA

Dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste Convenio, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta, e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán causas de invalidez da concesión da subvención as previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción.

No caso de que o importe da subvención, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondentes.

DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este Convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos da entidade beneficiaria da subvención, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste Convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión da subvención obxecto do presente Convenio rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; os pactos que se conteñen neste Convenio; as bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2025; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente Convenio, en Vigo, na data da súa sinatura dixital.”

ANEXO I: FICHA MENSUAL DAS DESTINATARIAS DA ACCIÓN

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS E O CONCELLO DE VIGO NO ANO 2025

RELACIÓN ACREDITATIVA DOS ACOMPAÑAMENTOS MENSUAIS A MULLERES V.V.X.

DATOS PERSOAIS DA USUARIA				
NOME		APELIDOS		DNI/NIE/pasaporte
TELÉFONOS		IDADE	<input type="checkbox"/> Menor de 25 anos <input type="checkbox"/> Entre 46 e 54	<input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 54 anos
ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS NO MES DE DO ANO 2025				

Autorízase a recollida de datos de carácter persoal, así como dos datos dos acompañamentos a mulleres en situación de violencia de xénero realizados pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, para que formen parte da memoria xustificativa desta entidade no marco do Convenio do ano 2025 financiado polo Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

RELACIÓN DOS ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS:

Nº	DATA	MOTIVO E LUGAR	NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REALIZA O ACOMPAÑAMENTO	SINATURA
1				
2				
3				
4				
Sinatura da usuaria				



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

<p>Dona..... con DNI núm. responsable do programa na entidade, declaro que estes acompañamentos non foron incluídos como obxecto de xustificación noutra subvención ou convenio de colaboración con outras entidades públicas ou privadas. Sinatura:</p>	<p>A PRESIDENTA: Dona DNI núm..... Sinatura:</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------

3(94).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRESAS E DE MAIS ALIMENTACIÓN PARA A FAUNA DE VIGONATURE. EXPTE. 12639/612.

Visto o informe xurídico do 31/01/2025 e o informe de fiscalización do 04/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/01/2025, asinado polo director de Réxime Interior do Zoo e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do subministro de presas e demais alimentos en VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do subministro de presas e demais alimentos para a fauna nas instalacións de VigoNature. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de subministro de presas e demais alimentos para a fauna desta instalación.

Como consecuencia do anterior, con data de 10 de setembro de 2024, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a contratación do subministro de presas e demais alimentos para a fauna de VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo, elabora a memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 09/09/24 e pola terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística de data 10/09/2024.
2. Orde de inicio da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística na data 10/09/2024.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior o 15/01/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoNature o 15/01/2025, o Director de Réxime Interior de VigoNature e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoNature o 16/01/2025.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 16/01/25, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 28/01/2025.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do o subministro de presas e demais alimentación para o consumo da fauna animal no parque medioambiental VigoNature de acordo coas previsións contidas no Plan de Nutrición Animal elaborado polo Veterinario

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (24.249,76 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (2.204,52 €) e o valor estimado (44.090,48 €). A execución do contrato abrangue dúas anualidades.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

- VIGOZOO (337.1. 221.05.03)

Importe

2025	23.784,70 €
2026	465,06 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Este subministro nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 1 ano cunha prórroga dun ano de duración en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade subministrada o mes anterior.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

Non procede.

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario VigoZoo.

i) Seguro

Exixise a constitución dunha póliza de responsabilidade civil dun importe mínimo de 100.000,00 € durante o prazo contractual.

O contratista deberán achegar o certificado da compañía aseguradora legalmente autorizada sobre a vixencia das pólizas dos seguros antes citados, onde tamén se faga constar que as pólizas incluírán a actividade da empresa licitadora no centro obxecto do contrato, no caso de ser adxudicataria.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo de data 15/01/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable na mesma data, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración dos criterios:

A) Criterios avaliábles mediante xuízo de valor:

Porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I (FEC) do PCAP.

Para a valoración deste criterio, as ofertas ordenaranse de maior a menor porcentaxe de baixa, resultando adxudicatario o que oferte a maior porcentaxe de baixa.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto abreviada e tramitación ordinaria do subministro depresas e demais alimentos para a fauna de VigoNature (exp.12639-612)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 16/01/25 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 28/01/25.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 24.249,76 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (2.204,52 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.03 “ Outros alimentos”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(95).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO “XI PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA”. EXPTE. 12307/307.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/02/2025, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 4 de outubro de 2024, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o XI PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, coa finalidade de “contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...”

A concelleira de Patrimonio Histórico resolveu contratar (exp. 12206-307) ao arquitecto técnico Ignacio Hortas López a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do XI programa de medianeiras, no que se estima orzamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións para ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2025, e segundo

delegación do alcalde de 30/06/2023 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade conta entre as súas competencias “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de 10/02/2025.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Específicamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente establézanse.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.

f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

- APROBAR O PROXECTO DO XI PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, redactado polo arquitecto técnico Ignacio Hortas López, cun orzamento base de licitación máis IVE de 196.736,79 euros e de data xaneiro do 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(96).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DOS SEUS TITULARES NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 45199/220.

Visto o informe de fiscalización de data 31/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/01/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos e Formación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente Resolución de incoación do expediente de data 16/09/2024 para o nomeamento de persoal interino por substitución na Área de Recursos Humanos e Formación coa categoría de administrativo/a de Administración Xeral, conforme ás situacións requiridas de substitución que constan documentadas.

II.- Recibida renuncia ao chamamento realizado conforme as listaxes de reserva de nomeamento interino do Concello de Vigo, en cumprimento do previsto na cláusula número un do apartado terceiro do "Convenio de colaboración interadministrativa para a cesión recíproca e o uso compartido de listas de reserva de persoal interino e temporal derivados de procesos selectivos con convocatoria pública" e dado que na lista activa do Concello de

Vigo non figuraban persoas aspirantes en situación de dispoñibilidade, solicitouse á Xerencia Municipal de Urbanismo o uso compartido de lista de reserva da Lista de administrativo/a administración xeral, a cal foi remitida en data 15/01/2025 a través do documento núm. 250006246.

III.- Procedeuse ao chamamento conforme ao procedemento establecido nos criterios de xestión de listas de reserva, constando a aceptación, por orde de chamamento e en condicións de ser nomeados (segundo informe de verificación previa incorporado no trámite 95, de data 27/01/2025, polo que, existen dous/dúas candidatos/as en condicións de ser nomeado/as por aceptar os chamamentos e presentar correctamente a documentación.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 29/01/2025 para o nomeamento interino de dúas administrativas de administración xeral en substitución transitoria da titular, durante o tempo estritamente necesario (art. 10.1.a) do TREBEP).

V- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **"La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario."** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *"los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por*

los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estritamente necesario.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 13.03.2023; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 179– técnico/a de xestión.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Consta realizado o ofrecemento do posto correspondente á dotación 90 (cuberta con efectivo en uso do crédito horario sindical a tempo completo (expte. 43186-220) na orde de prelación determinada na lista de reserva e, producida a súa aceptación, seguidamente deuse trámite ao ofrecemento do posto da dotación 80 (cuberta e inactiva por razóns xustificadas).

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

Así, segundo informe administrativo de verificación (trámite 95 do expediente) de data 27/01/2025 consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 45199/220 infórmase o seguinte:

- *Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia e diligencia para tramitación de nomeamento interino de 2 efectivos na categoría de administrativo/a de Admón. Xeral, por substitución do/a titular (art. 10.1.b) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable. En concreto:*

(...)

- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024 á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como administrativos/as as/aos candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

B. Pérez Rial con DNI ***1582** (posición da lista de reserva núm. 26)

C. Álvarez Fernández con DNI ***5508** (posición da lista de reserva núm. 27)

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia”

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 29/01/2025

“O custo para 2 Administrativos/as de Administración Xeral, de iniciarse a relación de servizo o 15/02/2025, con cargo ás aplicacións orzamentarias 920.0.140.0000 (retribucións) e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa), co seguinte detalle para o ano 2025:

POSTO	SALARIO BASE MEN- SUAL	CD 19	C ESPECÍFI- CO 317	PAGAS EXTRA XUÑO- DIC	S.S. EM- PRESA	TOTAL/1 POSTO	TOTAL/2 POSTOS
105	861,46 €	449,24 €	846,40 €	359,52 €	799.78 €	38.138,57 €	76.277,14 €
	9.906,79 €	5,166,26 €	9.733,60 €	4.134,44 €	9.917,48 €		

Polo que o custo total para de 2 postos de Administrativo/a Administración Xeral sería de 76.277,14 €.”

– Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excm. Alcaldía de 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionario/as interino/as nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: Administrativo/a de administración xeral*
- *Modalidade legal: funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):*
 - *O/A/a empregado/a municipal con número de persoal 79394 (Dot. 90), en uso do crédito horario sindical a tempo completo (expte. 43186-220)*
 - *O/a empregado/a municipal con número de persoal 83692 (Dot. 80) que permanece dende o día 11 de decembro de 2024 en situación de IT.*
- *Destino: Área de RRHH e Formación*

- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, durante a substitución dos/as titulares das prazas de Administrativo/a administración xeral da Área de RRHH e Formación, coa duración contemplada na normativa vixente, e consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP, sen que, en ningún caso a duración poda superar os tres anos de duración.
- Custe económico: 2 Administrativos/as de Administración Xeral, de iniciarse a relación de servizo o 15/02/2025, polo importe total de **76.277,14 €**, para o ano 2025 e con cargo ás aplicacións orzamentarias 920.0.140.0000 (retribucións), polo importe de **57.882,18 €** e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa), polo importe de **18.394,96 €**:

POSTO 105	SALARIO BASE MEN- SUAL	CD 19	C ESPECÍFI- CO 317	PAGAS EXTRA XUÑO- DIC	S.S. EM- PRESA	TOTAL/1 POSTO	TOTAL/2 POSTOS
	861,46 €	449,24 €	846,40 €	359,52 €	799,78 €	38.138,57 €	76.277,14 €
	9.906,79 €	5,166,26 €	9.733,60 €	4.134,44 €	9.917,48 €		

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarias/os interinos por substitución do titular, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

Categoría: oficial de instalacións		
Nº	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***1582**	B. Pérez Rial, para substituír ao/á empregado/a municipal con número de persoal 79394, que permanece en uso do crédito horario sindical a tempo completo (expte. 43186-220)
2	***5508**	C. Álvarez Fernández, para substituír ao/á empregado/a municipal con número de persoal 83692 que permanece dende o día 11 de decembro de 2024 en situación de IT.

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ás/aos aspirantes nomeadas/os, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(97).- RECTIFICACIÓN DE ERROS E NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE DÚAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL: OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2023. EXPTE. 45814/220.

Visto o informe de fiscalización de data 11/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/02/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/01/2025, acordouse nomear como persoal funcionario en prácticas do Concello de Vigo, na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local (subgrupo C1), aos aspirantes contidos na comunicación remitida pola AGASP en data 23/12/2024, que superaran o proceso selectivo por oposición libre, das prazas correspondentes a Oferta de emprego público 2023 para acceso a este Corpo, resultando os seguintes:

DNI	APELIDOS E NOME
4878*	CARIDE VIEITEZ, NEREA
4572*	CAMPOS MARTÍNEZ, PEDRO
5699*	PEREIRA VAZ, ALFONSO
4930*	RODRÍGUEZ ALONSO, MARÍA
7171*	CARRERA PAZ, DAVID
1882*	SUÁREZ FERNÁNDEZ, ÓSCAR
4923*	GONZÁLEZ FREIRA, JAVIER

-No citado acordo recollíase igualmente que, o nomeamento do aspirante S. Faro Del Pico, DNI **1605***, que tamén superou o mesmo proceso selectivo, sería obxecto de tramitación en outro procedemento independente, por posuír actualmente xa a condición de funcionario de carreira no corpo da Policía Local (en outro Concello), segundo a mesma certificación remitida pola AGASP en data 23/12/2024, non resultando necesario agora o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

II.- Un vez notificado o acordo, outro dos aspirantes que foi nomeado como funcionario en prácticas, Pedro Campos Martínez con DNI ***5721** indica agora que tamén posúe a condición de funcionario de carreira no corpo da policía local, polo que podería ser nomeado directamente por este concello como funcionario de carreira.

Dado que na comunicación remitida pola AGASP a esta administración, non se facía mención a esta circunstancia (que si se fixo referida a outro dos aspirantes tal e como se expuxo anteriormente), solicitouse a dito organismo aclaración sobre a situación do aspirante Pedro Campos Martínez con DNI ***5721**, por se poidese existir un erro na resolución comunicada en data 23/12/2024 e o aspirante podería ser nomeado directamente por este concello como funcionario de carreira por xa dispor da condición de funcionario do corpo da Policía Local en outra administración.

III.- Con data 13/01/2025 recíbese nova comunicación da AGASP, onde se recolle o seguinte:

"Con data 9 de xaneiro de 2025 recibíuse no Rexistro Electrónico da Academia Galega de Seguridade Pública unha solicitude de aclaración da Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo sobre a comunicación da adxudicación de prazas do proceso selectivo por oposición libre para o acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía.

A ese respecto acláranse os seguintes extremos:

1º. Pedro Campos Martínez, con DNI núm. 39457219Y, xa posúe a condición de funcionario de carreira do corpo da Policía Local logo de superar o proceso selectivo correspondente á 12a Promoción de Policía Local, polo que pode ser nomeado directamente por ese concello como funcionario de carreira.

2º. Procédese a emendar o erro advertido na identificación dun dos aspirantes relacionados na comunicación. Onde di Alfonso Pereira Vaz, con DNI núm. 35569981K, debe dicir Adolfo Pereira Vaz."

IV.- Á vista da rectificación feita pola AGASP na comunicación transcrita anteriormente, procede rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/01/2025 nos extremos sinalados, conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

administracións públicas, e con carácter previo ao nomeamento como funcionarios de carreira dos interesados P. Campos Martínez e S. Faro Del Pico.

V.- Consta incorporado ao expediente informe de verificación previa realizado polo persoal administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación, na que se constata que, logo de revisar a documentación que obra no expediente de referencia, os/as aspirantes que de seguido se mencionan, cumpren os requisitos para o correcto acceso ao emprego público conforme as bases e convocatoria aprobadas para a provisión das prazas de policía local, enmarcadas no grupo C, subgrupo C1 de titulación, escala administración especial subescala, servizos especiais, clase policía local, categoría policía local:

DNI	APELIDOS E NOME
***5721**	PEDRO CAMPOS MARTÍNEZ
***6051**	SERGIO FARO DEL PICO

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los en-

tes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentencia foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concreta-do en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: “1. La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.

2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.

3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.

De conformidad con lo dispuesto por el artículo 45 de la Ley 4/2007 y el artículo 15 de la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género, los cursos selectivos incluirán la materia de formación en igualdad de género y de prevención, atención, asistencia y/o tratamiento de situaciones de violencia de género. ”

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una re-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

lación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase no artigo 60 da lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia: “...e) *Toma de posesión dentro del plazo de un mes a partir de la publicación del nombramiento o dentro del plazo previsto en la correspondiente convocatoria del proceso selectivo”*

D) No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 07/12/2023 (recibido na área de RRHH e Formación o día 11/12/2023), informe de data 05/12/2023 coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25/01/2023 (trámite 2 do expediente), que constan no antecedente IV de este informe.

II.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do

5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente,

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/01/2025 (expediente 45814/220) conforme a comunicación de aclaración e rectificación remitida pola AGASP en data 13/01/2025, no referido unicamente aos seguintes puntos concretos:

- Onde se nomea como persoal en prácticas da Policía Local a Alfonso Pereira Vaz, con DNI núm. ****5699****, debe dicir Adolfo Pereira Vaz.

-Rectificar o nomeamento como funcionario en prácticas de Pedro Campos Martínez, DNI *****5721****, toda vez que xa cumpría cos requisitos para ser nomeado funcionario de carreira, nomeamento que se levará a cabo no apartado seguinte.

Manter vixente o resto do acordo de data 03/01/2025 no non rectificado expresamente pola presente rectificación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios de carreira do Concello de Vigo, con cargo ás prazas de Policía Local, grupo C, subgrupo C1, da escala administración especial, executadas ao abeiro da OEP 2023, e conforme aos informes e demais documentación incorporada ao presente expediente a:

NOME E APELIDOS	DNI
PEDRO CAMPOS MARTÍNEZ	***5721**
SERGIO FARO DEL PICO	***6051**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no Concello de Vigo no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

Dado que xa contan coa condición de funcionarios públicos en outra administración, non poderán incorrer en causa de incompatibilidade segundo o previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, polo que deberán acreditar expresamente, con prazo mínimo de 24 horas antes da toma de posesión no Concello de Vigo, a situación administrativa na que se atopen na súa administración de orixe.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(98).-NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DUNHA PRAZA DE PROGRAMADOR INFORMÁTICO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019. EXPTE. 45729/220.

Visto o informe de fiscalización de data 29/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de programador informático por promoción interna.

II.- Segundo consta no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo referido acordou:

"(...)

1.- *Declarar que o aspirante GONZALEZ NUÑEZ, F. con DNI **4567** superou o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de funcionario de carreira, na praza*

de PROGRAMADOR INFORMÁTICO/A (quenda promoción interna) incluída na OEP 2017-2018-2019 (3ª FASE).

2.-Propoñer á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na base 8.4.6 das xerais, e, unha vez que o aspirante que superou o proceso selectivo pola quenda de promoción de interna achegue a correspondente documentación na forma e prazo sinalado nas base decimo terceira das xerais que rexen este proceso selectivo, a adopción do seguinte acordo

Nomear funcionario de carreira con cargo á praza vacante de Programador Informático enmarcada no grupo C de titulación, subgrupo C1; escala, Administración Especial; subescala servizos especiais; clase cometidos especiais, incluídas na oferta de emprego público correspondente aos anos 2017-2018-2019 do Concello de Vigo a:

APELIDOS	NOME	DNI
GONZALEZ NUÑEZ	FERNANDO	**4567***

Lembrar ó aspirante que superou o proceso selectivo que, de conformidade coas bases xerais, apartado A) Persoal funcionario, base Décimo terceira, que rexen o proceso selectivo, deberá presentar na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, no prazo de 20 días naturais, contados a partir da publicación deste anuncio.

III.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

IV.- Segundo informe que obra no expediente:

“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Programador/a informática**, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constan os seguintes datos:

Praza programador/a informática, posto programador/a informática:

- En Administración electrónica (113), Posto 98 – Programador/a informática, dotación 1- figura vacante en data de sinatura.

Praza programador/a informático/a, outros postos:

- En Administración electrónica (113), Posto 215 – Xefe/a sala proceso datos, dotación 1- figura vacante en data de sinatura.

- En Mobilidade, Transporte e Seguridade (210), Posto 214 – Xefe/a sala control mobilidade e seguridade, dotación 1- figura vacante en data de sinatura.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

- En Dirección de ingresos (500), Posto 344 – Xestor/a tributario/a tics-programador, dotación 1-figura vacante en data de sinatura.
- En Administración electrónica (113), Posto 123 – Programador comunicacións, dotación 1-figura vacante en data de sinatura.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a

la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

-A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizarase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto.

Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarias de carreira, Administrativas de Administración Xeral, con cargo ás prazas vacantes, enmarcadas no grupo C, subgrupo C1; escala administración Xeral; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, á Noa Pérez Lorenzo con DNI ***3764**, Beatriz Carrasco González con DNI ***3476** e Maria Cristina Miniño Valverde con DNI ***7646**, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Programador/a informático enmarcadas no subgrupo C1 de titulación, escala administración xeral, subescala administrativa, a: **GONZALEZ NUÑEZ, F. con DNI **4567****

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

8(99).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS”. EXPTE. 6545/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto de “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais Dña. Beatriz Pérez Ribas, D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, e ten un orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (275.024,46 €).

II.- O Xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 15.10.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 16.10.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O obxecto do presente proxecto de reparación é o de detallar as actuacións a realizar no muro de contención de terras existente e no trasdós deste muro, tendo en conta o estado de deterioro actual e ao verse comprometida a seguridade estrutural do propio muro e por conseguinte supoñer un risco grave da seguridade dos usuarios e persoal do centro deportivo.

O muro encontrase ubicado entre o pavillón da Piscina Municipal das Travesas e as pistas de Frontón na rúa Cesáreo González de Vigo.

O estudo de patoloxías estruturais e as reparacións no muro de contención detallado neste documento recolle os traballos que se describen a continuación:

- Determinación das patoloxías presentes tanto no muro de contención como na zona perimetral a dito muro.
- Redacción das unidades de obra necesarias para a reparación das patoloxías detectadas nos muros M01 e M02, no resto de muro exterior, na piscina rectangular exterior, nos petos de fábrica, no valado metálico e nas instalacións. Comprende os capítulos seguintes:
 - Demolicións.
 - Reparación do muro existente.
 - Acondicionamento do terreo.
 - Cimentacións.

- Instalacións.
- O alcance da reparación abarca o lateral do muro de contención e o seu peto de fábrica e a demolición do vaso da piscina exterior rectangular.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) Meses.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 28.01.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

Tendo en conta o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993 vixente, debido á declaración de nulidade de Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08, segundo sentenza do Tribunal Supremo recurso casación núm. 1658/2014. En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos Técnicos Municipales da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.

O proxecto de reparación realizase na parcela dun edificio existente en solo urbano consolidado de uso dotacional público. Este proxecto non modifica as condicións volumétricas, nin os usos, nin a ocupación ou a actividade do edificio, polo tanto, cúmprense as condicións urbanísticas.

Por outro lado, os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS”** asinado polos Enxeñeiros Industriais Dña. Beatriz Pérez Ribas, D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, e ten un orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (275.024,46 €), en data da sinatura dixital 23 de xaneiro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(100).- PROPOSTA APROBACIÓN DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL”. EXPTE. 6583/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de

Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.08.2024 resolveu o autorizar o gasto para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor de empresa GOC.S.A.

II.- A empresa GOC. S.A. presenta trala fase de supervisión, proxecto de "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCO MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (105.669,60 €)

III.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 20.11.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 21.11.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O ámbito da actuación engloba a superficie da calzada executada en mestura bituminosa das rúas Brasil, Cuba, Santo Domingo e Guatemala. Quedan fora da actuación:

- As zonas con pavimento de formigón (aparcadoiros nas rúas Brasil e Santo Domingo).
- O cruce da rúa Brasil coa rúa Vázquez Varela.
- O cruce da rúa Cuba coa rúa Paraguay.

As actuacións comprendidas no presente proxecto son as seguintes:

- Fresado e renovación da capa de rodadura dos pavimentos a base de mezclas bituminosas, das rúas Brasil, Cuba, Santo Domingo e Guatemala.
- Demolición e renovación da sección de firme completa en aquelas zonas puntuais das rúas Brasil, Cuba, Santo Domingo e Guatemala onde se encontre en peor estado.
- Reconstrución dos aros de protección en mal estado, de formigón, de pozos e arquetas existentes na calzada, incluso creación de novos aros en aquelas arquetas que non contén con eles.

A solución xeral adoptada é o fresado e posterior reposición de 5 cm de mestura bituminosa. A solución para a reposición consistirá en:

- Capa de rodadura, de 5 cm de espesor mínimo, con mestura bituminosa en quente do tipo AC16 surf BC50/70 D.
- Rego de adherencia, con 0,7kg/m², de emulsión bituminosa.
- Nas zonas puntuais onde os danos no firme son máis profundos, a solución proposta pasa pola demolición completa do firme existente e a súa substitución por un novo paquete cuxas capas enuméranse a continuación:
- Capa de rodadura, de 5 cm de espesor mínimo, con mestura bituminosa en quente do tipo AC16 surf 50/70 D.
 - Rego de adherencia, con 0,7kg/m², de emulsión bituminosa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

- Rego de curado, con 0,7kg/m², de emulsión bituminosa.
- Base de formigón en masa HM-25 de 15 cm de espesor.
- Subbase de zahorra artificial de 15 cm de espesor.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 22.01.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

Parte da rúa de Brasil encóntrase integrada dentro o ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (P.E.E.C.) (BOP Pontevedra 17/01/1991), así como a Ampliación do catálogo do P.E.E.C. (Aprobación definitiva Pleno 26/10/1995) e o Estudo de Detalle. Manzanas nº 66, 67, 95 e 96 do P.E.E.C.

Tras o análise do Catálogo do PXOU actual e a previsión do novo plan, obsérvase que non existen afectacións na rúa de actuación a ningún elemento catalogado. Segundo o PEEC e as súas ampliacións e modificacións posteriores, a zona de actuación incluíría ao nº 12 da rúa Brasil. En calquera caso, e dada a natureza das actuacións (mellora de firmes e pavimentos), a afección a estes elementos protexidos é practicamente nula.

Segundo o comentado anteriormente, non se considera necesario realizar informe preceptivo de acordo co sinalado no apartado 4 "Actuacións nos contornos de protección dos bens inmobles protexidos polo seu valor cultural que non precisan de autorización previa en materia de patrimonio cultural" da Instrución 8/11/2017, publicado no DOGA do 5/12/2017. Tal e como se recolle no Anexo 04 do Proxecto.

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano consolidado. En canto á necesidade dos permisos sectoriais, non é necesario solicitar autorización debido a que o proxecto e as distintas actuacións que se teñen previsto realizar sobre as infraestruturas actuais, non modifican os ámbitos de intervención xa existentes.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de

outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL”**, redactado polo Enxeñeiro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCO MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (105.669,60 €), de data outubro de 2024 e asinado dixitalmente en data 21 de xaneiro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(101).- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 5312/401.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Modificación do contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 7061/241.

.- Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria: curso 2025-2026. Expte. 277291/301.

.- Adxudicación da contratación do servizo de apoio e asesoramento técnico para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do PRTR – Next Generation EU. Expte. 8661/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

11(102).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 7061/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 12/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Contratación e conformado concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), en sesión do 16 de outubro de 2020, adxudicou á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L. (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446), por un prezo total de 33.699.578,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.848.687,17 euros, consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local o 13 de maio de 2020, e a oferta presentada.

O referido contrato formalizouse en documento administrativo o 12 e 14 de xaneiro de 2021, por un prazo de 5 anos, contado a partir do día 16 de xaneiro de 2021. As prestacións vinculadas á “Conservación e reposición do parque do Castro” comezarán a executarse nesa data, e o resto o día 1 de febreiro de 2021. Non se contempla prórroga ningunha.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 21 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo (expediente 6.670-241):

“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe. A modificación consistirá na incorporación de novas zonas verdes (por disolución de Entidades de Conservación Urbanística, recepción de humanizacións ou cesións que non puideron terse en conta no seu día) e pola detracción de zonas cuxo mantemento pasou a ser obxecto de contratos doutra administración.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 483.807,83 euros (1,44% do prezo do contrato), con cargo á aplicación orzamentaria 171022799.

3º.- Unha vez adoptado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 19.992,06 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

Esta modificación formalizouse con data do 26 de outubro de 2021.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de xullo de 2023 acordouse (expediente 6.896-241):

“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (expte. 12.853-446), nos termos sinalados neste informe.

2º.- Esta segunda modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.165.660,71 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano de	Período	Importe económico	% adxudicación
--------	---------	-------------------	----------------

aplicación		(€/ano)	do prezo do contrato
Ano 2023	Do 1 de xullo ao 31 de decembro	229.310,30 €	0,68%
Ano 2024	Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro	458.620,61 €	1,36%
Ano 2025	Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro	458.620,61 €	1,36%
Ano 2026	Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro	19.109,19 €	0,06%
Total		1.165.660,71 €	3,46%

Esta modificación representa un 3,46% do prezo do contrato que, sumado ao 1,44% da primeira modificación, fai un total de 4,90%. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 48.167,80 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

Esta modificación formalizouse con data do 14 de xullo de 2023.

Cuarto.- O 19 de decembro de 2024 a adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (responsable do contrato), coa conformidade do concelleiro da área, informa da necesidade de tramitar unha nova modificación do contrato para a incorporación de novos espazos correspondentes a Entidades de Conservación Urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e para a incorporación de zonas de nova creación que non puideron ser recollidas no seu momento debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.

Previa devolución polo Servizo de Contratación, o anterior informe foi corrixido o 23 de xaneiro de 2025, coa conformidade do concelleiro da Área ao día seguinte.

Quinto.- Con data do 5 de febreiro de 2025 o segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por resolución da Alcaldía do 4 de febreiro de 2025, resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, D. Francisco Felices Barcia, en representación de UTE JARDINES DE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

VIGO (ACCIONA-MANTEN), manifestou a súa conformidade coa modificación proposta, mediante escrito presentado o 11 de febreiro de 2025 (documento nº 250030802).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego contempla a modificación do contrato nos seguintes termos:

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- *Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.*
- *Incorporación de novas zonas.*

D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:

O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude.

O estudo deberá establecer cales son os m² vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificadas na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizos incluídos no PLAN DE SERVIZOS vixente en cada momento. A dito informe sobre m² de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación”.

O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP recolle os prezos unitarios que serán de aplicación no suposto de modificación do contrato.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incorporar novos espazos correspondentes a Entidades de Conservación Urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e para incorporar zonas de nova creación que non puideron ser recollidas no seu momento debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.

Informan ao respecto o 23 de xaneiro de 2025 a adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (responsable do contrato), coa conformidade do concelleiro da área, xustificando a concorrencia das circunstancias que permiten a modificación:

“[...] 2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Na Cláusula 15 das FEC, especificase a modificación do contrato:

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si.

B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.

Incorporación de novas zonas.

D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:

O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude.

O estudo deberá establecer cales son os m² vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificadas na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizos incluídos no PLAN DE SERVIZOS vixente en cada momento. A dito informe sobre m² de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación.

O prego de prescricións técnicas contempla a posibilidade de modificación do contrato indicando que: “O adxudicatario admitirá e asumirá para a súa conservación e reposición, tanto as zonas verdes de nova creación como as existentes que, con motivo de obra nova, ampliacións, humanizacións, reformas, recepcións de urbanizacións, u outras fórmulas legalmente previstas, incrementen as superficies de actuación municipal dentro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

de cada zona; igualmente aquelas que a concellería, por proposta do departamento de Montes, Parques e Xardíns aconselle que a súa conservación e reposición se realice con medios alleos ao Concello, nas mesmas condicións que o resto da adxudicación, coa correspondente valoración individual. O pago destes servizos comezará a ser efectivo unha vez que se aprobe polo órgano de contratación a modificación contractual de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, aplicando o pago dende a aprobación do gasto polo citado órgano. As novas superficies que deben ser incorporadas ao contrato pasarán a ser obxecto de conservación, mantemento e reposición por parte da adxudicataria de maneira inmediata desde a data de comunicación oficial, por parte do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, unha vez aprobada a modificación polo órgano competente, con independencia do resultado da inspección que poida realizar o persoal da empresa adxudicataria, así como das posteriores responsabilidades que deban asumir os entes executores das novas zonas. Procederase a inventariar e comprobar o estado da zona verde con todos os elementos que a conforman.”

A modificación do contrato pode supoñer unha diminución e/ou incremento das zonas verdes obxecto do mesmo, sendo as circunstancias que determinan esa modificación, os cambios na superficie das zonas verdes incluídas no prego, a desaparición dalgunhas desas zonas e a incorporación de novas zonas verdes.

Desde a tramitación da segunda ampliación do contrato (ano 2023) a superficie das zonas verdes e xardineiras, así como o número de unidades de arborado viario obxecto do contrato sufriron alteracións pola:

- Incorporación de novos espazos correspondentes a Entidades de Conservación Urbanística, trala aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- Incorporación de zonas de nova creación que non puideron ser recollidas no seu momento debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.

Todas estas circunstancias obrigan á actualización periódica do inventario para poder levar a cabo a conservación e mantemento daquelas zonas que, na actualidade, carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioro importante que dea lugar a unha mingua do patrimonio municipal; o que supón á necesidade de tramitación dun novo expediente de modificación do contrato que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local.

Os prezos unitarios ofertados pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 16 de outubro de 2020, supoñen unha baixa do 1,57% sobre o orzamento inicial. Aplicando esta porcentaxe de baixa, os prezos unitarios correspondentes a cada unha das tipoloxías son:

Zonas Verdes	Prezo Unitario (€/ano)	Baixa Adxudicación	Prezo Unitario Vixente (€/ano)
Tipoloxía A (Has)	29.132,48 €	1,57%	28.675,10 €
Tipoloxía B (Has)	18.965,08 €	1,57%	18.667,33 €
Tipoloxía C (Has)	17.696,53 €	1,57%	17.418,69 €

Zonas Verdes	Prezo Unitario (€/ano)	Baixa Adxudicación	Prezo Unitario Vixente (€/ano)
Tipoloxía D (Has)	9.884,86 €	1,57%	9.729,67 €
Tipoloxía E (Has)	9.010,05 €	1,57%	8.868,59 €
Tipoloxía H (Has)	6.949,02 €	1,57%	6.839,92 €
Tipoloxía M (Has)	9.750,29 €	1,57%	9.597,21 €
Tipoloxía R (Has)	29.106,87€	1,57%	28.649,89 €
Tipoloxía F (Has)	3.508,62 €	1,57%	3.453,53 €
Arborado. (unidades)	109,66 €	1,57%	107,94 €
Xardineiras (m ²)	146,79 €	1,57%	144,49 €
Xardineiras colgantes (unidades)	146,09 €	1,57%	143,80 €
Xardineiras individuais (unidades)	146,09 €	1,57%	143,80 €
Oliveira Senlleira	4.327,16 €	1,57%	4.259,22 €

2.1.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN

As superficies ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da segunda modificación do contrato acordada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 7 de xullo de 2023 (expediente 6896/241), son consecuencia de reaxustes en superficies públicas existentes no ámbito do contrato, identificadas como zonas verdes, xardineiras ou arborado, así como de incorporación de novas áreas froito de recepcións e humanizacións.

As zonas obxecto de modificación aparecen reflectidas nos anexos que se incorporan ao presente informe, e para a súa elaboración tivéronse en conta os datos remitidos pola empresa contratista para dar cumprimento á cláusula 15.E) das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato 12853/446. Nestes anexos inclúense áreas que xa están recepcionadas polos servizos correspondentes do Concello e nas que o seu mantemento e conservación correspóndelle ao Concello.

Zonas Verdes	Superficies en mantemento tras a segunda modificación	Superficies a modificar	Superficies/unidades totales
Tipoloxía A (Has)	3,7840	0,0000	3,7840
Tipoloxía B (Has)	69,3487	2,2971	71,6458
Tipoloxía C (Has)	84,0597	-0,1304	83,9293
Tipoloxía D (Has)	17,8681	0,0000	17,8681
Tipoloxía E (Has)	23,5197	0,0000	23,5197



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Zonas Verdes	Superficies en mantemento tras a segunda modificación	Superficies a modificar	Superficies/unidades totales
Tipoloxía H (Has)	1,8463	0,0000	1,8463
Tipoloxía M (Has)	14,7013	2,2968	16,9981
Tipoloxía R (Has)	8,4939	0,0000	8,4939
Tipoloxía F (Has)	84,3779	0,0000	84,3779
Arborado. (unidades)	11.221	150	11.371
Xardineiras (m ²)	14.535,03	774,13	15.309,16
Xardineiras colgantes (unidades)	128	0	128
Xardineiras individuais (unidades)	187	0	187
Oliveira Senlleira	1	0	1

O cálculo do valor económico da modificación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía o prezo unitario correspondente, segundo o previsto no apartado 3.G) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC.

Os importes correspondentes ás superficies modificadas son:

	<i>Superficies</i>	<i>Prezo Unitario</i>	<i>Importe anual</i>
Tipoloxía A (Has)	0,0000	28.675,10 €	0,00 €
Tipoloxía B (Has)	2,2971	18.667,33 €	42.880,72 €
Tipoloxía C (Has)	-0,1304	17.418,69 €	-2.271,40 €
Tipoloxía D (Has)	0,0000	9.729,67 €	0,00 €
Tipoloxía E (Has)	0,0000	8.868,59 €	0,00 €
Tipoloxía H (Has)	0,0000	6.839,92 €	0,00 €
Tipoloxía M (Has)	2,2968	9.597,21 €	22.042,87 €
Tipoloxía R (Has)	0,0000	28.649,89 €	0,00 €
Tipoloxía F (Has)	0,0000	3.453,53 €	0,00 €
Arborado. (unidades)	150	107,94 €	16.191,00 €

	<i>Superficies</i>	<i>Prezo Unitario</i>	<i>Importe anual</i>
<i>Xardineiras (m²)</i>	<i>774,13</i>	<i>144,49 €</i>	<i>111.854,04 €</i>
<i>Xardineiras colgantes (unidades)</i>	<i>0</i>	<i>143,80 €</i>	<i>0,00 €</i>
<i>Xardineiras individuais (unidades)</i>	<i>0</i>	<i>143,80 €</i>	<i>0,00 €</i>
<i>Oliveira Senlleira</i>	<i>0</i>	<i>4.259,22 €</i>	<i>0,00 €</i>
		TOTAL	190.697,23 €

O importe económico anual resultado dos cambios de superficie desta terceira modificación é de 190.697,23 €/ano. (15.891,44 €/mes e 522,46€/día). A determinación do prezo total da ampliación quedará definida pola condición dos prazos de inicio do contrato. Estímase que a prestación dos servizos en todas as áreas incorporadas á modificación iniciaranse o vindeiro 17 de febreiro de 2025.

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	<i>Do 17 de febreiro ao 31 de decembro</i>	165.183,88 €	0,49%
Ano 2026	<i>Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro</i>	7.836,90 €	0,02%
Total		173.020,78 €	0,51%

A porcentaxe desta terceira modificación, 0,51%, sumado ao das dúas anteriores, 4,90%, alcanzan un total de 5,41%, que non supera o 20% do prezo de adxudicación do contrato, porcentaxe máxima de modificación do mesmo que recolle o prego de cláusulas administrativas no apartado 15.D das follas de características do contrato (FEC). O importe da modificación será imputable ao Concello e supón un total anual de 190.697,23 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de 15.891,44 € (522,46 €/día) ; cantidade que se aboará ao contratista a partir da data de entrada en vigor do contrato da presente ampliación, trala sinatura previa do mesmo polas partes.

Este importe anual pódese cargar á partida 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS.

En cumprimento da cláusula 29 “Persoal do contratista” do prego de cláusulas administrativas, en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ao servizo, sendo ao seu cargo o incremento dos custes que se produzan por tal causa. Do mesmo xeito, deberá dispor dos medios materiais e vehículos necesarios para o cumprimento do nivel de calidade que indica o prego de prescricións técnicas”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Constan no expediente un anexo coa relación do arborado, xardiñeiras e zonas verdes e outro anexo cos planos das zonas obxecto de modificación.

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- Estamos ante un suposto de modificación prevista, comprendida nos supostos contemplados no PCAP ("*diminución ou incremento de espazos*" – apartado 15B das FEC do PCAP) e obedece á "*incorporación de novas zonas*" (apartado 15C):
 - incorporación de novos espazos correspondentes a Entidades de Conservación Urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo
 - incorporación de zonas de nova creación que non puideron ser recollidas no seu momento debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.
- A modificación afecta aos listados recollidos nos Anexos I, II e III do PPT relativos a "Arborado", "Xardineiras" e "Zonas verdes", respectivamente, ao contemplar novas árbores, xardineiras e zonas verdes non recollidas inicialmente, e supón un incremento da superficie que se traduce en 190.697,23 euros/ano (15.891,44 €/mes), 173.020,78 euros desde o 17 de febreiro ata o fin deste contrato.
- Esta terceira modificación representa un 0,51% do prezo do contrato, que sumado ao das dúas primeiras modificacións (1,44%+3,46%+0,51%=**5,41%**), respectivamente), atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.
- Segundo se indica no informe do servizo xestor do 23 de xaneiro de 2025, deuse cumprimento ao previsto no apartado 15D das FEC ("**ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN**"), e solicitouse ao contratista un estudo de necesidades e rendementos derivados dos servizos a executar sobre diferentes zonas, instalacións ou equipamentos obxecto do contrato, que foi presentado o 9 de decembro de 2024 e cuxos datos se tiveron en conta para o cálculo da modificación.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación está prevista no PCAP e a porcentaxe da modificación é inferior ao 20%. Consta no expediente escrito coa manifestación de conformidade do contratista presentado durante o trámite de audiencia.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público que é garantir o mantemento das zonas verdes e os parques forestais de competencia municipal (competencia obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.d e 81.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia).

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do informe do servizo xestor, a modificación ascende a 190.697,23 euros/ano, 173.020,78 desde o 17 de febreiro ata o 15 de xaneiro de 2026, data de finalización do contrato, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	Do 17 de febreiro ao 31 de decembro	165.183,88 €	0,49%
Ano 2026	Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro	7.836,90 €	0,02%
Total		173.020,78 €	0,51%

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) y b) do apartado 2 do artigo 205, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do importe de adxudicación IVE excluído”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 7.149,62 euros.

No escrito presentado polo contratista o 11 de febreiro de 2025, xunto coa conformidade á modificación, indícase que *“Con el fin de agilizar la gestión administrativa, se solicita que en caso de no haber presentado a tiempo el aval, se retenga el importe del mismo del importe del contrato hasta que se subsane y se presente el mismo”*.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre

contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (*“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”*).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (expte. 12.853-446), segundo o solicitado polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 23 de xaneiro de 2025.

Trátase da terceira modificación deste contrato, dunha modificación prevista comprendida nos supostos contemplados no prego de cláusulas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

administrativas particulares (“diminución ou incremento de espazos” - apartado 15B das FEC) e obedece á “incorporación de novas zonas” (apartado 15C):

- *incorporación de novos espazos correspondentes a Entidades de Conservación Urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo*
- *incorporación de zonas de nova creación que non puideron ser recollidas no seu momento debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.*

A modificación afecta aos listados recollidos nos Anexos I, II e III do PPT relativos a “Arborado”, “Xardineiras” e “Zonas verdes”, respectivamente, ao contemplar novas árbores, xardineiras e zonas verdes non recollidas inicialmente, que implica un incremento da superficie que se traduce en 190.697,23 euros/ano (15.891,44 €/mes), o que supón un incremento do prezo total do contrato de 173.020,78 euros (IVE incluído), desde o 17 de febreiro ata o fin deste contrato.

Representa un 0,51% do prezo total do contrato, que sumado ao das dúas primeiras modificacións (1,44% + 3,46% + 0,51% = 5,41%), respectivamente), atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.

2º.- O importe da modificación, 173.020,78 euros (IVE incluído), aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	Do 17 de febreiro ao 31 de decembro	165.183,88 €	0,49%
Ano 2026	Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro	7.836,90 €	0,02%
Total		173.020,78 €	0,51%

3º.- Unha vez aprobada a modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva por importe de 7.149,62 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- *Notificar este acordo ao interesado, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., e publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*

5º.- *Comunicar ao Consello de Contas”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(103).- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA: CURSO 2025-2026. Expte. 277291/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de xurídico de 03/02/2025 e o informe de fiscalización do 13/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 31/01/2025, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o PES e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”), dotada cun crédito inicial de 1.427.700,00€ , que se distribuirá así: 135.000€ para libros e material escolar e 1.292.700,00€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2024/2025 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG n.º 19, do 29.01.2021), en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue: *«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial»*. Así as cousas, enténdese que as axudas escolares do Concello de Vigo participarían desa natureza “asistencial” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, ó noso xuízo, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia.

En calquera caso, dita modificación non ten por qué traducirse nun menor control sobre as axudas que se concedan, toda vez que, á marxe dos controis e xustificacións establecidos na propias Bases, o Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, deu unha nova redacción ó Art. 7.y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, reforzando a obriga das Administracións autonómicas e Entidades Locais de comunicarlle á AEAT a información sobre as axudas concedidas para atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións) e identificando estas axudas coa clave “L” e a subclave 22 (“L22 - *axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ó seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF*”).

O teor literal dese Art. 7, letra y) da LIRPF (“Rentas exentas”) é o seguinte:

«Estarán exentas las siguientes rentas: (...) y) La prestación de la Seguridad Social del Ingreso Mínimo Vital, las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

«cador público de rentas de efectos múltiples. Asimismo, estarán exentas las ayudas concedidas a las víctimas de delitos violentos a que se refiere la Ley 35/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual, y las ayudas previstas en la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y demás ayudas públicas satisfechas a víctimas de violencia de género por tal condición».

I.9. Polo demais, o contido material destas Bases é moi semellante ó do anterior exercicio 2024/2025. As únicas novidades salientables serían as seguintes:

- Base sexta: toda vez que os importes máximos da capacidade económica da unidade familiar (mensual e anual) xa figuran detallados na correspondente Táboa da Base sexta, elimínase a anterior referencia á contía do *subsídio básico da RISGA* e, no caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o 75% do IPREM (eliminando tamén aquela referencia á RISGA). Por esa mesma razón, elimínanse as referencias no texto das Bases á renda *per cápita* das unidades familiares.
- Base décimo terceira: o pagamento das axudas para libros e material escolar realizárase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda. Atendendo á súa natureza e características, estas axudas entenderanse xustificadas pola previa acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas Bases para a súa concesión. Para os únicos efectos de control e seguimento das axudas concedidas, o Servizo xestor poderá solicitar a presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024/2025», elaboradas polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo, co texto que figura nos documentos incorporados cos trámites núms. 8 (Bases) e 9 (Anexos I, II e III) ó Exp. nº 277291/301 (2025).

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 135.000€ para axudas de libros e material escolar ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº

2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.292.700,00€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2025/2026. Desta cantidade, 461.800€ imputaranse ó exercicio de 2025 e o resto, 830.900€, ó exercicio de 2026. A contía do ano 2026 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

CUARTO: Aprobar a convocatoria deste Programa de axudas escolares municipais para o Curso 2025/2026 que deberá ser publicada no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior e cos aumentos do crédito orzamentario dispoñible derivados dunha xeneración, ampliación ou incorporación de crédito, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 450.000€.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro)

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Así as cousas, un ano máis promóvese desde a Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido polas Bases do Programa, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificada pola L.4/2021, do 28 de xaneiro), os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación a este tipo de prestacións sociais.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso escolar 2025-2026.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e de conciliación da súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das axudas de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas de axudas.

Serán de dous tipos:

– Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme, etc.).

– Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo.

A publicación das presentes Bases realizarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web do Concello de Vigo. Anunciarase igualmente por eses medios a convocatoria e o prazo de presentación de solicitudes, que será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial daquela.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor – (ordenadas numericamente), expediente de servizos sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, finalidade da axuda (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

CUARTA.- Destinatarios de comedor.

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse axudas para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2025-2026 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- | | |
|---------------------------------------------|--------------|
| •Educación Infantil (2ª etapa) | 3 a 5 anos |
| •Educación Primaria (1º a 6º) | 6 a 12 anos |
| •Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) | 12 a 16 anos |

QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través da “Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca” (FOANPA), comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder os/as alumnos/as suxeitos a calquera medida de protección de menores resolta pola Xunta de Galicia, agás aqueles que estean suxeitos ó réxime de acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, que cumprirán os requisitos xerais que se recollen na Base sexta.

A teor do disposto no Art. 7, letra y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, na redacción dada polo Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, están exentas de IRPF, entre outras, as axudas establecidas pola entidades locais para atender as necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores por carecer as súas familias de medios económicos suficientes e ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o IPREM.

SEXTA.- Requisitos xerais.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- b) Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda dos importes máximos indicados na Táboa seguinte. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o 75% do IPREM.

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
3	1.407,60€	16.891,20€
4	1.876,80€	22.521,60€
5	2.346,00€	28.152,00€
6	2.815,20€	33.782,40€
7	3.284,40€	39.412,80€
8	3.753,60€	45.043,20€
9	4.222,80€	50.673,60€
10	4.692,00€	56.304,00€

Da renda da unidade familiar descontaranse os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de seiscientos euros ó mes (600€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2025.

Para os efectos destas axudas enténdese por “*unidade familiar de convivencia*”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.

c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.

d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadroamento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que concorra esta circunstancia.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003) e, concretamente, no Art. 2.2.a) da LSG (L.9/2007), modificado pola L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Solicitud e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha (1) solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e dos membros maiores de dezoito (18) anos, sempre que non consten xa na base de datos do Servizo de Benestar Social.

7.2. Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Servizo.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2024 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia (*).

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

7.6. De ser o caso, contrato de aluguer e dous (2) xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous (2) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a)
- Enderezo da vivenda alugada
- Mes e importe pagado.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

- Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).
- Recibos de pagamento dos dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.9. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.

7.10. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.12. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Servizo de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.- Presentación de solicitudes.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Servizo de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

DECIMA.- Criterios de valoración.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda do ano 2024 da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, a renda considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2025.

Para os efectos do cálculo da renda, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira de Política Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a axuda individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.

- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non achegan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado nun centro privado sen concerto.
- Superar os ingresos.
- O centro non conta co servizo de comedor.
- O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
- Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Libros: o curso que se solicita non se inclúe nas axudas deste programa.
- Libros: na modalidade excepcional, non son obxecto de axuda.

-Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”) do orzamento de Benestar Social do Concello e, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

A publicación da resolución no taboleiro oficial de Anuncios e Editos do Concello de Vigo, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal substituirá á notificación, surtindo os seus mesmos efectos, tal como se establece no Art. 45.1.b) da L.39/2015, do 1 de outubro (LPACAP).

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política Social resolverá, por proposta do Servizo instrutor do procedemento, a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación da axuda.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.

- Contía para libros e material escolar:

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 100,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda.

Atendendo á súa natureza e características, estas axudas entenderanse xustificadas pola previa acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas Bases para a súa concesión. Para os únicos efectos de control e seguimento das axudas concedidas, o Servizo xestor poderá solicitar a presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, poderán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia beneficiaria, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

- **Contía para comedor:**

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 45€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

- **Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:**

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos nos correspondentes convenios. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Servizo de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Servizo de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantida-

des pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaranse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.
- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.
- Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Servizo de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as con axudas de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houbera.

As direccións dos centros emitirán unha certificación mensual ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A Concellería de Política Social porá a disposición dos directores dos centros un modelo de certificado que facilite a tramitación telemática das certificacións.

Para o caso de que durante o curso escolar 2025-2026 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas, libros, comedor*"), ou, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas as previstas nestas Bases e na restante normativa de aplicación e, entre elas, as seguintes:

- O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (45€/mes, agás os meses de decembro e abril), ten a obriga de gastar o importe total mensual da axuda dentro do mes.
- Comunicar ó Servizo de Benestar Social ou ó centro educativo a baixa.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir.

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a axuda concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

De ser o caso, serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, o Plan Estratéxico de subvencións 2024 – 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025/2026. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras das AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025/2026 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º do

Crédito orzamentario.

O importe total das axudas para conceder non excederá do límite de 1.427.700,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 “*Becas, libros, comedor*” e, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior e cos aumentos do crédito orzamentario dispoñible derivados dunha xeneración, ampliación ou incorporación de crédito, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 450.000€.

Obxecto e destinatarios.

As bases aprobadas teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2025/2026.

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Requisitos.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realízase polo propio Servizo de Benestar Social).
- b) Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda dos importes máximos indicados na Táboa seguinte. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o 75% do IPREM.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
3	1.407,60€	16.891,20€
4	1.876,80€	22.521,60€
5	2.346,00€	28.152,00€
6	2.815,20€	33.782,40€
7	3.284,40€	39.412,80€
8	3.753,60€	45.043,20€
9	4.222,80€	50.673,60€
10	4.692,00€	56.304,00€

Instrución e resolución: órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Benestar Social. O órgano instrutor incorporará un informe no que se acredite que, da documentación que ten no seu poder, despréndese que todos/as os/as beneficiarios/as cumpren os requisitos estipulados. A proposta de resolución para a concesión das axudas corresponderá ó órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local acordará conceder ou desestimar e crear a lista de agarda das axudas con cargo á aplicación e polo importe máximo sinalado nas Bases.

Presentación de solicitudes e prazo.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 do a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación oficial da convocatoria.

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Solicitude e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maio-

res de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.

Recursos.

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Criterios de valoración e distribución das axudas.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2025.

Para os efectos do cálculo da renda, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para os efectos do cálculo da renda, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.

1.- Contía para libros e material escolar: 100,00€/ alumno/a.

2.- A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 45€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ por ter menos días lectivos. A diferenza, de existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

Publicidade.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de Anuncios e Editos e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/expediente/colexio/finalidade da axuda (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

NESTE INTRE AUSÉNTASE O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

13(104).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO E ASESORAMENTO TÉCNICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PRTR – NEXT GENERATION EU. EXPTE. 8661/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 31/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 30/01/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de apoio e asesoramento técnico para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – Next Generation EU (8.661-104) (emenda de documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de apoio e asesoramento técnico para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – Next Generation EU (8.661-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO E ASESORAMENTO TÉCNICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, ANO 2023

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 23/09/24 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares 29/10/24 de data que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

Tercero: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 75.005,25€ sendo o importe correspondente ao IVE de 13.017,45 € distribuíndose nas seguintes anualidades:

2024	25.001,75 € (incluído IVE)
2025	25.001,75 € (incluído IVE)
2026	25.001,75 € (incluído IVE)
TOTAL	75.005,25 € (incluído IVE)

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.227.99.10, co proxecto asociado 24432050 “PSTD BOUZAS”

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de apoio e asesoramento técnico para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8661-104) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, SL	98,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L., o día 27 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 14 de xaneiro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 17 de xaneiro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais ao licitador para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia técnica e á documentación do representante. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo o 22 de xaneiro.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de xaneiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L., como a

solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 13 de decembro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación de data 20 de decembro de 2024 polo que se outorga a máxima puntuación á proposición avaliable mediante fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L. o procedemento aberto do servizo de apoio e asesoramento técnico para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8.661-104) por un prezo máximo do contrato é de 75.005,25 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.017,45 euros e cunha porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3G do Anexo I (FEC) do PCAP do 15%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(105).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1840/1102

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez